



COLEXIO "SAN JORGE"

CPR-SAN JORGE

Avda. de Coímbra, 24

15407 – Santiago

Telf./ Fax: 981-581398

colexiosanjorge@colexiosanjorge.com

PLAN de CONVIVENCIA

1. INTRODUCCIÓN.

O ser humano ten dúas necesidades sociais básicas: a necesidade dunha relación íntima, estreita con un pai ou un conxugue e a necesidade de sentirse parte dunha comunidade cercana e interesada por ela. Somos fundamentalmente animais grupais e o noso benestar é moito maior cando nos atopamos nun ambiente harmónico no cal vivimos en estreita comunión.

O plan de Convivencia é un documento que serve para concretar a organización e o funcionamento do centro en relación coa convivencia e que nos axuda a establecer as liñas xerais do modelo de convivencia a adoptar polo centro, os obxectivos que se pretenden alcanzar, as normas que o regularán e as actuacións que se van a levar a cabo nese ámbito para a consecución dos obxectivos plantexados. O enfoque da convivencia do centro ten unha visión positiva e construtiva polo que as actuacións van encamiñadas o desenvolvemento de comportamentos axeitados para resolver conflitos e poder convivir mellor.

A resposta educativa do centro é a de promover a actitude de participación do alumnado mediante o diálogo, o respecto e a comunicación para solucionar calquera conflito. Tamén se pretende potenciar a mellora da convivencia. Non se quere limitar a convivencia a elementos organizativos , senón tamén desenvolver contidos que contribúan a formación do alumnado.

A convivencia e a participación forma parte da aprendizaxe, ademais de ser obxectivos da educación. Debemos considerar a convivencia nun obxectivo propio da educación, e para conseguir unha boa convivencia no centro, débense potenciar certas condutas.

Con este plan, tamén se pretende desenvolver no alumnado valores e habilidades de comunicación e relación social, que lle serán moi útiles ó longo da súa vida. As actitudes a fomentar en materia de convivencia, deberán basearse nas Normas de Convivencia do Centro e no Regulamento de Réxime Interno, que haberá que revisar e actualizar periodicamente.

O noso propósito é fomentar no alumnado valores tales como a tolerancia, igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de xeito pacífico...etc . A mellora da convivencia no eido escolar é unha preocupación que cada día adquire maior importancia na sociedade máis aínda cando esta convivencia se poida ver afectada por situacións de conflito cuxos efectos se deixen sentir en tódolos membros da Comunidade Educativa.

2. ESTUDO DO CENTRO.

2.1. Características do centro e o seu entorno.

O colexio “San Jorge”, emprazado na localidade de Santiago de Compostela, sitúase na zona urbana e o seu enderezo é *Avda. de Coimbra, 24*.

Neste centro, impártense os niveis de Infantil e Primaria e está formado por tres unidades de Educación Infantil, seis de Educación Primaria e dúas de Educación Especial.

O número de alumnos no curso 2008-2009 é de 227, a súa agrupación lévase a cabo tendo en conta a idade cronolóxica. A maioría deles son castelán falantes, aínda que nestes últimos anos aumentou o número de alumnos bilingües.

O persoal docente está composto por 17 mestres. O profesorado está formado por uns profesionais con bastante experiencia acumulada e unha plantilla bastante estable, o que crea un clima agradable entre os 17 mestres que forman o cadro de persoal docente. Este clima maniféstase na ausencia de grandes conflitos.

2.2. Marco legislativo e normativo do centro.

A entrada en vigor da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación, fixo necesario que os centros adapten as normas de convivencia ós novos planteamentos establecidos na mesta.

A misión fundamental da escola é formar a persoas capaces de asumir a responsabilidade dos seus actos e de contribuír con esforzo o progreso e mellora da sociedade democrática, plural e aberta na que van a vivir. Por iso, é preciso que os alumnos respecten as normas da súa escola e ós seus mestres e entre eles mesmos, pois dese xeito aprenderán que o respecto ás institucións e ás leis é a base da nosa convivencia democrática.

Dentro do presente Plan de Convivencia, inclúese un listado de normas de convivencia que cada alumno debe respectar. Para esta formación integral do alumnado, é preciso que no centro reine un clima de traballo cooperativo e de respecto. Para conseguilo vamos a levar a cabo este Plan de Convivencia e para a súa posta en práctica é preciso que todos os sectores da comunidade educativa acepten as normas de convivencia establecidas e se comprometan a respectalas.

➤ Base Legal

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio de Educación.

- Lei 27/2005, do 30 de Novembro de fomento da educación e da cultura da paz.
- Real Decreto 732/1995, do 5 de Maio polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia dos centros.
- Decreto 85/2007, do 12 de Abril polo que se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.
- Regulamento de Réxime Interno do Centro.

2.3. Alumando con necesidade específica de apoio educativo.

2.3.1. Inclusión e integración.

“ Todos temos dereito a ser respectados como iguais, pero tamén temos dereito a ser diferentes”.

Os resultados da integración dos alumnos con NEE no Colexio San Jorge son moi positivos, non só para o alumno integrado, senón tamén para o resto dos alumnos e as súas familias, que ven como os seus fillos “teoricamente normais” gañan en convivencia, solidariedade e en valores sociais.

É importante destacar isto, pois supón un cambio na ensinanza, na aprendizaxe e no rendemento dos estudantes, que debe principiar polo traballo de todos os alumnos sobre o **valor de respectar as diferenzas** .

Un alumno ten necesidades educativas especiais, cando presenta dificultades maiores que o resto dos seus compañeiros para acceder as aprendizaxes que se determinan no currículo que lle corresponden para a súa idade (por causas internas constitutivas, de orixe orgánico, cognitivo e psíquico, por deficiencias ou carencias no entorno sociofamiliar ou por unha historia de aprendizaxe desaxustada) necesitando para compensar estas dificultades adaptacións curriculares.

A integración escolar é un proceso no que interveñen o estudante, o centro educativo e a familia. Este proceso débese iniciar cunha valoración e identificación das necesidades educativas especiais do estudante e a busca de axudas que lle permitan un desenvolvemento adecuado.

Neste centro traballamos en dúas direccións :

- **Integración escolar:** os alumnos participan nos programas escolares, xa sexa a tempo completo ou parcial, segundo as súas necesidades.
- **Integración familiar:** é necesario iniciar este proceso no ámbito familiar, resulta fundamental que se dea unha aceptación das diferenzas, o establecemento de normas de conduta, a realización de tarefas que normalicen a relación, evitando así a sobreprotección e substituíndoa por actitudes que axuden á persoa a desenvolverse de forma máis positiva na vida.

- **OBXECTIVOS DA INTEGRACION ESCOLAR:**

- Capacitarlles para realizarse como persoas autónomas, posibilitando a súa integración plena a todos os niveis, segundo as súas posibilidades.
- Ofrecerlles unha capacitación que lles permita levar a cabo una vida independente e activa dentro da súa familia e sociedade.
- Favorecerlles un desenvolvemento harmonioso físico e mental, para que poidan desenvolverse adecuadamente.
- Permitirlles adquirir habilidades, destrezas sociais e ocupacionais para que poidan realizar diferentes actividades da vida cotiá, acordes coas súas capacidades, intereses e medio no que se desenvolven.
- Para este centro é fundamental a integración destes alumnos con necesidades educativas, afortunadamente, hoxe en día existe unha visión da escola máis acorde coa súa función social e educativa. Proponse favorecer o desenvolvemento de todos os alumnos, de acordo coas súas características persoais e as do seu entorno e neste obxectivo a comunidade educativa do centro pon todo o seu esforzo

2.3.2. Criterios que rexen a integración escolar dos alumnos con NEE.

- É un proceso complexo e difícil, condicionado por factores persoais, familiares e sociais. Cada situación require un tratamento peculiar.
- A modalidade elixida será revisada periodicamente, para favorecer sempre o paso a maiores niveis de integración.
- A integración comeza coa identificación e valoración psicopedagóxica, que orientará igualmente a proposta curricular que máis se axuste e beneficie ao alumno.
- Permanecerán parcial ou totalmente nas aulas ordinarias de referencia, baixo o criterio de pasar o mínimo tempo fóra delas, tendo en conta as necesidades e recursos dispoñibles. Desta forma poderán beneficiarse da atención que se lles pode ofrecer nas aulas de apoio.
- Non consiste na mera ubicación física no entorno menos restritivo, senón que supón unha participación activa e real na vida do centro e por tanto o derribo de barreiras psicolóxicas na comunidade escolar.

O Colexio San Jorge ten escolarizados agora mesmo 19 alumnos con necesidades educativas, e conta con dúas aulas de educación especial, así como unha profesora de apoio .

Atendendo as diferentes necesidades educativas, podemos clasificar as seguintes tipoloxías de alumnos con NEE que se asocian a:

- Discapacidades Físicas
- Discapacidades Psíquicas
- Discapacidades Sensoriais
- Trastornos de desenvolvemento

Contamos agora mesmo con:

- 5 Alumnos con TDAH
- 2 Alumnos con Hipoacusia
- 1 Alumno Autista
- 1 Alumno con Síndrome de Angelman

- 1 Alumno con Distrofia Muscular
- 1 Alumno con Hemiplexía, epilepsia, TDAH (por parálise infantil)
- 1 Alumno con Dislexia e dificultades da aprendizaxe
- 2 Alumnos con Retraso madurativo
- 1 Alumno con Mioncelopatía epiléptica
- 1 Alumno con Síndrome Semántico Pragmático.
- 2 Alumnos con Conduta Psicótica, TDAH, problemas da conduta
- 1 Alumno con Síndrome de Jouvert.

2.4. Situación actual da convivencia.

O centro é unha familia na que o diálogo, a interacción e o comportamento se constitúen en elementos fundamentais do proceso educativo. A adecuada convivencia no centro é unha condición indispensable para a maduración dos distintos membros da Comunidade Educativa. A convivencia do centro é considerada como un fin educativo que debemos de traballar. É un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo o proceso educativo. Para conseguir unha boa convivencia no centro e para lograr un clima participativo e democrático, é preciso potenciar estas condutas, e fomentar a participación de todos os sectores da Comunidade Educativa.

Na actualidade o clima de convivencia do centro é bo. Non se observan serios problemas, aparecendo algúns conflitos esporádicos que se resolven fundamentalmente, co diálogo.

É importante indicar o estado de convivencia no noso centro como punto de partida na elaboración deste plan.

- Non existen demasiados problemas de convivencia e consideramos que o clima de relacións entre os diferentes membros da comunidade é boa.
- Os principais problemas derívanse da desmotivación e dos malos hábitos ou costumes do alumnado e a falta de respecto entre eles.
- Os principais conflitos son agresións verbais e raramente físicas de carácter menor, como forcexos e empuxóns. Case nunca se presentaron situacións graves de comportamento, todo se reduce a conflitos propios das relación entre os nenos/as destas idades.

- A relación cos pais/nais do noso centro podémola catalogar como boa, as respostas por parte da familia son, en liñas xerais, positivas, mostrando sempre a súa colaboración, ante calquera proposta do centro .

A modo de resume podemos destacar:

Tipos de conflitos que se producen no centro:

- Disrupción na aula (falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos compañeiros...)
- Distracción e falta de atención
- Ouvido do material para o desenvolvemento da clase.
- Desobediencia ás ordes educativas-formativas do mestre/a.
- Falta de respecto, ás veces, entre iguais e menores.

Causas destes conflitos :

- Falta de motivación
- Chamar a atención de maneira global.
- Dificultades de aprendizaxe.
- Falta de colaboración dos pais/nais (revisar se traen o material, se realizan as tarefas que levan para a casa....)
- Impulsividade, pouca reflexión
- Falta de referente de autoridade.

2.5. Respostas do centro a estas situacións.

A resposta educativa do centro está relacionada co desexo de promover unha maior participación no centro, mellorar os cauces de diálogo, respecto e comunicación para solucionar calquera conflito e a necesidade de potenciar a mellora da convivencia a través da adquisición de habilidades de enfrontamento ós conflitos. Si xorde algún problema puntual, a actuación levada a cabo segue o seguinte procedemento:

- Falar co alumno/a ou alumnos implicados.
- Intentar, mediante o diálogo que se aclaren as cousas.
- Facer as paces, desculparse, si é unha situación de pelexa ou insultos.

- Dependendo da gravidade:
 - o Quedarse sen recreo ou sen algunha actividade que lle resulte agradable para o neno.
 - o Comunicación telefónica ós pais/nais e pórllles ó corrente do sucedido.

2.6. Relación coas familias e a comunidade.

A relación coas familias é boa, con reunións de información e coordinación de carácter global e particular nas horas fixadas na Programación Xeral Anual.

É moi importante a actuación dos titores coas familias e a colaboración dos pais/nais.

A ANPA (Asociación de Nais e Pais) colabora na organización de actividades feitas o longo do curso, e tamén colabora economicamente co centro.

2.7. Experiencias de convivencia realizadas no centro.

As experiencias que se levarán a cabo este curso para favorecer a convivencia no centro son as seguintes:

- Elaboración de normas de conduta.
- Elaboración de un calendario para atención titorial a pais/nais ó longo do curso escolar.
- Fomentar a tolerancia, o respecto e a resolución de conflitos a través do diálogo.
- Participación do centro en actividades e programas que contribúan a mellorar a convivencia (Día da Paz, Magosto...etc)
- Realización de saídas, excursións, talleres... onde a convivencia é a tempo completo, e onde se pode fomentar, ver, analizar as relacións entre iguais. Inculcarlles dende a infancia o valor do respecto cara os demais, xa que pode ser a base para unha convivencia satisfactoria nun futuro.

3. OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN CONSEGUIR.

- Concienciar e sensibilizar á Comunidade Educativa sobre a importancia dunha boa convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Fomentar a implicación das familias.
- Respetar os dereitos dos demais e crear un clima de convivencia e traballo que permita a consecución dos obxectivos educativos programados.
- Fomentar a convivencia no centro.
- Previr o acoso entre iguais.
- Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grado de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomentos da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Formar ós alumnos na convivencia.
- Coñecer e respectar as normas de convivencia do centro.
- Facer ó alumnado responsable dos seus actos.
- Dialogar e traballar sobre as normas para que o alumnado as interiorice.
- Aprender a dialogar e escoitar para resolver os conflitos.
- Fomentar a Educación en Valores.
- Converter a todos os compoñentes da comunidade educativa en axentes activos na prevención e resolución de conflitos.
- Favorecer a tolerancia como actitude cara a vida.

4. NORMAS DE CONVIVENCIA.

O colexio é un espazo principal onde se realizan a maior parte das actividades educativas que se contemplan no plan do centro. As relacións que se producen entre os distintos membros e sectores que integran este espazo e proxecto educativo suscitan accións cooperativas en ocasións e conflitivas noutras.

Para que o traballo escolar sexa eficiente e proveitoso é necesario a construción dun clima de convivencia que faga posible a cooperación, o respecto mutuo, o traballo eficaz e responsábel e o fomento das relacións harmónicas dos integrantes da comunidade educativa, en especial do alumnado e o profesorado.

A convivencia sólida necesita do establecemento de normas básicas reguladoras que traten de resolver as situacións conflitivas. No noso colexio estas normas de convivencia recollen as relacións e compromisos de todos os integrantes da nosa comunidade educativa.

No Regulamento de Réxime Interno (RRI) do centro aparecen especificados todos os dereitos e deberes do alumnado, así como os dos demais membros da comunidade educativa, no cal se establecen as normas de organización, conduta e funcionamento do centro entre as que figuran aquelas que garanten o cumprimento do plan de convivencia.

As normas recollidas no RRI serán de carácter educativo e deberán contribuír a crear un adecuado clima de respecto, así como de responsabilidades e esforzo na aprendizaxe, necesarios para o funcionamento dos centros docentes.

Preténdese establecer unhas normas claras e coñecidas, xa que así facilítase a toma de decisións ante o incumprimento dalgunha delas. A existencia dun pacto e o seu coñecemento por parte dos alumnos, e saber a que aterse se non o cumpren, propicia un ambiente máis seguro e estable para a consecución dos obxectivos.

A continuación vamos a nomear, en termos xerais, cales son as normas básicas que debemos ter en conta:

4.1. Normas xerais de convivencia no centro.

4.1.1. Normas do alumnado.

- Relacionadas co respecto:
 - o Debemos respectar as pertenzas e obxectos persoais dos compañeiros.
 - o Respectar a quenda de palabra nas intervencións, debates...

- o Intentar solucionar os conflitos a través do diálogo e do consenso, evitando as pelexas, gritos ou insultos.
 - o Evitaremos discriminar os compañeiros en calquera actividade (grupos de traballo, xogos, deportes, excursións...)
 - o Dirixirnos ao profesor con respecto. Utilizar un vocabulario acorde co centro educativo.
 - o Ter unha convivencia adecuada entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Sobre o traballo no centro e na aula:
 - o Asistir a clase con regularidade.
 - o Ser puntuais á hora de entrar no centro, tanto ó comezo da xornada como despois do recreo.
 - o Respetar a explicación do mestre/a sen interromper levantando a man para preguntar o que non se entenda.
 - o Evitar facer ruídos, berrar, falar forte ou deambular pola clase cando os demais traballan.
 - o Non usar elementos alleos ós materiais necesarios para traballar que produzan interrupcións ou distraccións (reloxos, xogos, móbiles...)
 - o No cambio de clase ou cando se teña que esperar por algún mestre/a farase en silencio.
- Sobre o coidado do centro:
 - o Débese manter limpa a clase, os corredores, o patio, evitando tirar ó chan papeis ou calquera outro desperdicio.
 - o Entrar ou saír da clase sen correr, saltar ou empuxar.
 - o Manter limpas as mesas de traballo, evitando estropearlas ou calquera outra acción que as deteriore.
 - o Coidar e conservar os libros da biblioteca e do resto dos espazos que forman parte do centro.

Todos os profesores do centro estarán involucrados no mantemento dun bo clima de convivencia e no cumprimento das normas de conduta establecidas.

Tanto as normas de conduta como as sancións correspondentes figuran desenvolvidas no Regulamento de Réxime Interno. Para conseguir todos estes obxectivos básicos e importantes, propoñemos unha serie de medidas que se deben aplicar:

1. **Autorreflexión** : facer ver a forma de comportarse ante determinados feitos: as súas reaccións , as súas influencias...
2. **Bo clima cos nosos alumnos e entre eles**: fundado da confianza mutua, animando a quen ten máis dificultades en conseguir un bo comportamento.
3. **Ante unha falta**. Ademais de parar inmediatamente a súa forma de actuar, debera encher “ unha folla de reflexión” con respostas a preguntas tales como : ¿que estou facendo? ¿por que o fago? ¿a quen favorezo? ¿a quen prexudico? ¿que vou facer para cambiar?
4. **Mensaxe**: se continúa fallando, facerllo notar en primeira persoa, describindo os feitos en concreto nos outros, expresando os sentimentos que producen e as súas consecuencias.
5. **Busca dunha solución conxunta**:
 - Definindo o problema.
 - Tomando unha decisión co acordo de ambas partes.
 - Determinar como se aplica.
 - Avaliar o éxito.

4.1.2. Atribucións do profesorado.

- Coñecer as aptitudes e intereses de cada alumno/a, co obxectivo de orientalos no seu proceso de aprendizaxe e na toma de decisións persoais e académicas.
- Coordinar a intervención educativa de todos os profesores/as que compoñen o equipo docente dun grupo de alumnos/as.

- Garantir a coordinación das actividades do ensino e aprendizaxe que se propoñan ao alumnado o seu cargo.
- Organizar e presidir as reunións do equipo docente e as sesións de avaliación do seu grupo de alumnos/as.
- Coordinar o proceso de avaliación continua do alumnado e adoptar xunto co equipo docente, as decisións que procedan sobre a avaliación e promoción do alumnado.
- Cubrir a documentación académica do alumnado ao seu cargo.
- Informar ao alumnado sobre o desenvolvemento da súa aprendizaxe, así como aos pais/nais ou tutores legais.
- Manter unha relación permanente coa familia do alumnado para informarlles da evolución educativa dos seus fillos.
- Se algún alumno se pon enfermo no horario escolar, avisarase por teléfono á familia para que veñan a recollelo, en caso de accidente grave trasladarase ao hospital máis próximo, previo aviso a familia.
- Os mestres/as poñerán especial coidado e interese nos momentos dos cambios de clase, as entradas e saídas, supervisando que non se produza ningún conflito e procurando sempre a maior puntualidade.

4.1.3. Atribucións das familias.

- As faltas a clase deberan xustificarse debidamente por parte dos pais.
- Acudir ó centro en horario de tutoría ou cando sexan citados polo equipo directivo; deben interesarse polo desenvolvemento da aprendizaxe do seu fillo/a.
- Coidar que o alumnado acuda ao centro en correctas condicións de vestuario, alimentación e co material necesario para a súa participación na clase.
- Os nenos/as non acudirán enfermos ao colexio, polo ben da saúde persoal dos seus fillos/as e da dos demais.

- Os pais/nais non deben retrasarse en recoller aos seus fillos/as a saída das actividades lectivas ou extraescolares.
- Para falar co titor/a, ou ben con algún membro do equipo directivo, utilizará o horario establecido para as visitas.
- Colaborar co profesorado para a modificación da conduta do seu fillo en caso de ser necesario.
- Os pais/nais deberán facilitar un número de teléfono onde se lles poida localizar de forma rápida e efectiva por se xurdira algún imprevisto.

4.2. Iniciativas para mellorar a convivencia.

4.2.1. No centro:

- Instalar un buzón de conflitos para recoller indicios de situacións conflitivas.
- Confección de murais e outros traballos sobre a convivencia: serán elaborados por diferentes cursos y recollerán debuxos e textos alusivos a unha convivencia ideal para o centro.
- Proxección dun vídeo ou película referente a temas de marxinación ou agresión.
- Celebración de días conmemorativos sobre temas relacionados coa convivencia. Celebrarase de forma especial o día da paz, desenvolvendo actividades diversas: de representación (teatro, narración de poesías, cancións...) e actividades plásticas (creación dun mural pola paz).
- Actividades extraescolares e complementarias destinadas a fomentar o coñecemento mutuo e xerar un bo clima de convivencia dentro e fóra da escola.

4.2.2. Na aula:

- Establecemento consensuado de normas de conduta na aula e sancións sobre temas tales como a limpeza, orde, respecto, quendas de participación, traballo en equipo...

- Realizamos un cuestionario para avaliar as relacións sociais e a interacción entre os alumnos.
- Busca de análises de artigos de xornal alusivos ao tema.
- Simulación de escenas contendo malos comportamentos e posterior debate trasladándoo á realidade.
- Posta en marcha de programas de socialización e resolución de conflitos.
- Presentación de estratexias nos alumnos que desenvolvan distintas habilidades para poder solucionar os conflitos de forma pacífica e enriquecedora.

4.2.3. A nivel familiar:

- Difusión das normas do centro por medios escritos.
- Difusión do plan de convivencia e a necesidade da implicación das familias por medio de reunións colectivas.
- Potenciación das figuras do titor e director do centro.
- Participación e resolución dos problemas individuais específicos por medio de charlas privadas ou charlas cos seguintes obxectivos:
 - o Adquirir habilidades que poidan poñer en práctica e así solucionar de forma correcta os conflitos que poidan aparecer na casa.
 - o Actuar na mesma liña que o centro escolar no que se refire a solución dos conflitos.
 - o Inculcar aos fillos una idea positiva do conflito para que lles poidan dar solucións positivas.

Todas estas actividades ou propostas levaranse a cabo, tendo en conta **as idades dos alumnos, adaptándoas ao seu desenvolvemento madurativo e sempre na medida das súas posibilidades.**

5. OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA.

O observatorio da Convivencia é un órgano colexiado creado no seo do consello escolar, que ten como finalidade, reflexionar e investigar sobre o estado da convivencia no centro e deseñar estratexias para a súa mellora.

A súa constitución e funcionamento regúlase no Decreto 85/2007 do 12 abril, e no noso centro foi creado o 26 de xaneiro do 2009.

Todas as melloras comezan cunha fase de avaliación para determinar de que situación partimos e que queremos conseguir. Mediante este observatorio poderase determinar:

1. Cales son os principais conflitos de convivencia no centro. e como afectan a vida do mesmo.
2. Cales son os procedementos utilizados para a súa xestión.
3. Como se implican os membros da comunidade educativa na convivencia, e que papel debería corresponder a cada un dos membros da comunidade.

5.1. Plan de actuación.

- Canalizar as iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa para mellorar a convivencia, o respecto mutuo e a tolerancia.
- Elaborar un informe anual de análise da convivencia.
- Informar trimestralmente ao consello escolar.
- Desenvolver iniciativas que eviten a discriminación do alumnado, establecendo plans de acción positiva que posibiliten a integración de todos os alumnos/as.
- Mediar nos conflitos que se presenten.
- Impoñer, no seu caso, as correccións que sexan da súa competencia.

5.2. Composición do Observatorio.

- Directora : Felicia Costas (Presidenta).
- Xefa de Estudos: Concepción Fernández (Orientadora).
- Profesores: M^a Carmen Pampin / Gloria Fernández.
- Representante dos Pais dos Alumnos: Carlos Otero.
- Representante da Administración e Servizos: Gloria Posse.

6. MEDIDAS A APLICAR NO CENTRO PARA PREVIR, DETECTAR, REGULAR E RESOLVER OS CONFLITOS.

6.1. Habilidades Sociais.

O colexio “San Jorge”, realiza tódolos anos para os alumnos do 3º ciclo de Educación Primaria un programa de Habilidades Sociais, levado a cabo pola UMAD. En xeral, as Habilidades Sociais son un conxunto de comportamentos eficaces nas relacións interpersoais. Estas condutas son aprendidas e facilitan a relación dos demais, a reivindicación dos propios dereitos sen negar os dereitos dos demais. O posuír estas capacidades evita a ansiedade en situacións difíciles ou novedosas e, ó mesmo tempo facilitan a comunicación emocional e a resolución de conflitos.

O programa que se leva a cabo neste colexio é un programa de prevención de drogodependencias para adolescentes a través das habilidades sociais. Trátase de proporcionar ós adolescentes unhas habilidades e competencias sociais que lles permitan manter relacións satisfactorias e ter respostas a presión do grupo. É de carácter presencial e sistemático, utilizándose para isto as clases nas que se realizan dinámicas de participación e implicación. Os docentes preparan as sesións e fanse responsables da dinamización das mesmas.

6.1.1. Obxectivos.

- Prevención de drogodependencias.
- Desenvolvemento das competencias sociais, ampliando e adecuando o repertorio dos comportamentos do adolescente nas situacións interpersoais e facilitando o mantemento das relacións sociais satisfactorias.
- Que a conduta socialmente competente na infancia/adolescencia sirva de soporte para o desenvolvemento persoal posterior do individuo.

6.1.2. Realización do programa.

O programa lévase a cabo no colexio por dous monitores/monitoras.

Os nenos e nenas cobren un cuestionario de autoavaliación das Habilidades Sociais tanto antes coma despois do programa. Isto serve para avalialo; tamén se lle pasa unha pequena enquisa con preguntas semiabertas de revisión que cubrirán o remate das sesións.

Realízase unha intervención grupal ó longo de 11 sesións (unha cada semana) e dunha hora de duración. O programa levarase a cabo por dous docentes na mesma aula e en horario lectivo, coa presenza dun mestre ou mestra.

As sesións seguen todas a mesma estrutura, que é a seguinte:

1. Corrección de tarefas.
2. Información: preséntanse os contidos que corresponden a ese día coa participación activa do alumnado.
3. Modelado: os docentes exemplifican a habilidade social mediante un xogo de roles.
4. Xogo de roles: por parellas ou tríos realizan exemplos da conduta adecuada ante os seus compañeiros/as, seguindo os pasos que deron os docentes.
5. Análise dos exemplos: mediante unhas tarxetas con preguntas clave, os/as

7. DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

7.1. Medidas para a difusión do plan.

Este plan de convivencia, tomará sentido, despois da súa publicación e divulgación e de que todos os sectores implicados o interioricen e o fagan seu, sendo un verdadeiro instrumento para mellorar a convivencia cando sexa coñecido, valorado e avaliado por toda a comunidade educativa.

Para a difusión deste Plan de Convivencia establecemos as seguintes medidas:

- Presentación do Plan a todos os sectores da comunidade educativa: sesións de claustros, consello escolar, ANPA etc...
- Realización de documentos escritos que resuman os conceptos básicos do plan e difundilo entre todos os sectores da comunidade.
- Reunións informativas cos pais tanto en grupo como individuais, nas que se informará da aplicación de tódolos puntos recollidos no Plan.
- Información sempre na incorporación de novo alumnado.

7.2. Medidas de seguimento e avaliación do plan.

O equipo directivo elaborará ao final de cada curso escolar unha memoria do Plan de Convivencia, que tras a súa aprobación polo consello escolar incorporárase a memoria do curso.

O observatorio da convivencia será quen deba realizar o seguimento e avaliación do plan con periodicidade trimestral, elaborando un informe que inclúa todo o ocorrido en cada trimestre en materia de convivencia, actividades e actuacións realizadas, así como a súa valoración e proposta de melloras para o seguinte período, tendo en conta ademais, a inserción das aportacións e comentarios do resto da comunidade educativa, si procede.

8. PROPOSTAS DE MELLORA.

Todas as propostas ou estratexias que se establezan para a mellora da convivencia deben desenvolverse dentro dunhas medidas de carácter educativo e organizativo.

O labor dos titores constitúe un marco indispensábel e necesario para establecer unhas boas normas para a convivencia no grupo e por extensión na vida de todos os alumnos do centro. A capacidade do titor para canalizar e resolver os problemas de relación, así como para crear un clima afectivo e integrador na aula na que teñan cabida todos e cada un dos alumnos/as do grupo resulta primordial.

A organización da aula, as estratexias de comunicación que se establecen con cada profesor/a, os vínculos relacionais, as adaptacións curriculares, as normas da aula e as rutinas que o titor/a utiliza no seu desempeño da súas tarefas son os elementos dun fenómeno interactivo que vai determinar sustancialmente o proceso de convivencia do centro.

É conveniente que todo o profesorado teña un referente metodolóxico unificado e xeneralizado coa finalidade de evitar mensaxes incoherentes ou contraditorios, polo que teremos moi en conta os seguintes puntos:

- Fomentar a aprendizaxe cooperativa.
- Reparto equilibrado de responsabilidades e tarefas entre o alumnado.
- Favorecer a autoestima cando se detecten situacións de infravaloración.
- Crear un clima de confianza, aceptando as suxestións dos alumnos/as.
- Rexeitar actividades grupais discriminatorias, fomentando o compañeirismo.
- Establecer normas claras de funcionamento no centro cunha formulación positiva.
- Fomentar a participación nas tarefas e responsabilidades do centro.
- Establecer a figura do alumno/a axudante para os nenos que se incorporan novos ao centro e para aqueles que presentan necesidades educativas especiais.
- Introducir a figura do alumno/a mediador dentro da aula (adaptado a cada nivel) que colabore co titor/a na resolución de incidencias ou conflitos.

Outra proposta , que pode contribuír á mellora da convivencia e que xa mencionamos noutro apartado deste plan, sería a creación do “ buzo de suxestións ou queixas”(destinado primordialmente aos nenos do último ciclo de primaria).

Trataríase de establecer no centro un espazo destinado a albergar un buzo ou caixa onde o alumnado puidese depositar información que sirva para canalizar as súas inquiredanzas, problemas, queixas ou observacións en xeral.

Estas manifestacións serían confidenciais e poderían servir en certa medida para obter datos de posibles situacións conflitivas que subxacen e que non se perciben a simple vista. Algúns nenos non sempre teñen estratexias suficientes para resolver os seus problemas ou inquiredanzas, ou para verbalizalas na aula.

Esta actividade deberá ser previamente informada e traballada no marco das titorías para que realmente teña o carácter participativo, consultivo e de prevención que queremos darlle.

Outro aspecto que queremos destacar dentro destas propostas de mellora e a referida aos pais/nais,; como xa vimos comentando durante todo o desenvolvemento do plan, a súa colaboración é fundamental, polo que se fai necesario que se manteñan, ademais das reunións xerais que se fan ao principiar o curso, outros encontros máis persoais entre os pais/nais e o titor/a, acompañados da orientadora do centro se fose necesario. Estes encontros, o principio do curso, facilitarían a comunicación persoal e máis específica, que axudará o mellor coñecemento da situación de cada alumno, creando así un vínculo de comunicación moito máis forte e beneficioso para todos.